


Carlos Casares Mourino



O coleccionista de historias

Letras galegas 2017

XUNTA DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
Secretaría Xeral de Política Lingüística
IES Carlos Casares - Vigo

Coordinadora:

Beatriz Martínez Cordeiro

Autoría:

Emma Janeiro Torres
Almudena Lacomba Maruri
Beatriz Martínez Cordeiro

Profesorado colaborador:

Irene Álvarez López	Óscar Pedrido López
Josefa Beloso Gómez	Esther Peiteado Peiteado
Pilar Carro Mariño	Fernando Pereira Bueno
Ana María Fontenla Blanco	Xosé Pérez González
Fernando Fuentes Blanco	María Elisa Roa Domínguez
Manuel Jove Prendes	Almudena Rouco Villar

Alumnado do IES Carlos Casares de Vigo



Índice

Biografía.....	1
Cartel 1: Ourense e a comarca da Limia. Os primeiros anos....	3
Actividade 1.1.....	3
Actividade 1.2.....	4
Actividade 1.3.....	5
Actividade 1.4.....	6
Cartel 2: Os movementos estudantís e a descuberta do amor..	7
Actividade 2.1.....	7
Actividade 2.2.....	7
Actividade 2.3.....	8
Actividade 2.4.....	8
Actividade 2.5.....	9
Actividade 2.6.....	10
Actividade 2.7.....	10
Cartel 3: Parolando entre amigos.....	11
Actividade 3.1.....	11
Actividade 3.2.....	11
Cartel 4: Un compromiso con Galicia e co galego.....	12
Actividade 4.1.....	12
Actividade 4.2.....	13
Cartel 5: Unha viaxe a través da literatura.....	14
Actividade 5.1.....	14
Actividade 5.2.....	14
Actividade 5.3.....	15
Actividade 5.4.....	15
Actividade 5.5.....	15
Actividade 5.6.....	16
Actividade 5.7.....	16

Cartel 6: Medrando en galego.....	18
Actividade 6.1.....	18
Actividade 6.2.....	18
Cartel 7: Atravesando fronteiras.....	19
Actividade 7.1.....	19
Cartel 8: A literatura galega viapa polo mundo.....	22
Actividade 8.1.....	22
Actividade 8.2.....	23
Actividade 8.3.....	24
Cartel 9: O Expreso da Literatura.....	25
Actividade 9.1.....	25
Actividade 9.2.....	25
Cartel 10: Un bo maquinista.....	26
Actividade 10.1.....	26
Actividade 10.2.....	26
Actividade 10.3.....	27
Actividade 10.4.....	27
Actividade 10.5.....	28
Actividade 10.6.....	28
Bibliografía.....	29

Biografía

Carlos Casares Mouriño naceu un 24 de agosto de 1941, na cidade de Ourense. O seu pai, Francisco Casares, era mestre en Xinzo de Limia, lugar onde pasa a súa infancia. A súa nai chamábase Manuela Mouriño. Tiña dous irmáns: Xavier e Meches. A familia materna estaba moi vinculada co mundo eclesiástico: a súa nai tiña un tío que era cabido na Catedral de Ourense e un irmán que era o crego da parroquia de Beiro, preto da cidade ourensá.

A súa infancia non se reducía a Xinzo de Limia, pois pasaba longas tempadas en Sabucedo, onde tiña un tío que era médico; en Lamas, onde residían os avós paternos, e os veráns pasábaos en Beiro. O contacto co mundo rural, a aldea, deixará fonda pegada no escritor e sobre todo no contacto co idioma. A súa nai falaba o castelán, o seu pai e os avós paternos, o galego. Carlos, como el mesmo dicía, expresábase moito mellor en galego. Gustaba de escoitar os contos dos seus avós, de ir cos rapaces ao monte e sobre todo de xogar no Antela Club de Fútbol.

Carlos viviu os anos da represión franquista máis dura: a fame e o medo eran os protagonistas daqueles tempos. Chegou a coñecer algúns dos atracadores, como el os denominaba nos textos de “Á marxe”, como Epifanio ou Camilo de Dios.

A insistencia da nai e dos familiares que pertencían ao clero fai que Carlos ingrese no Seminario de Ourense en 1952, con 11 anos. No seminario era o redactor e director dun xornal, *El Averno*, escrito á man, en columnas e de contido crítico e burlesco: nel relataba as prohibicións ás que estaba sometido o alumnado. Por culpa dunha delas, a de falar galego, foi castigado a copiar moitas veces “No hablaré gallego, no hablaré gallego”. Grazas a un dos seus profesores coñece a literatura clásica greco-latina e escritores contemporáneos como Robert Luis Stevenson.

En 1957 abandona o seminario e realiza os estudos de bacharelato en Ourense. Faise amigo do bibliotecario municipal e ten acceso a libros clásicos universais e a libros escritos en lingua galega. Gaña o Concurso Provincial de Cuentos de Navidad e coñece a Vicente Risco, presidente do xurado daquel premio. Comeza a acudir aos faladoiros no Café Parque de Ourense. O contacto con membros do Grupo Nós é moi importante para el. Xa coñecía a Ramón Otero Pedrayo, pois era amigo do seu tío cura. En Ourense relaciónase con intelectuais e escritores da época: Uxío Novoneyra, Antón Tovar, Arturo Lezcano, Xaquín Lorenzo ou Xaime Quessada.

Carlos chega a Santiago en 1961 para estudar Filosofía e Letras. Alí coñece a Arcadio López Casanova, un poeta galego do que xa oíra falar en Ourense. Arcadio ponno en contacto con Ramón Piñeiro, unha figura importantísima e que o vai marcar cultural e politicamente. Deseguida entra en contacto coas agrupacións estudantís (ADE) e participa en actividades clandestinas, destinadas a loitar contra a ditadura. Organiza o concerto de Raimon no Estadio da Universidade no ano 1967. Salvador García Bodaño e mais el traduciron as letras do cantautor ao galego.

En 1967 publica *Vento ferido* e gaña o Concurso de Contos Infantís da Asociación Cultural O Facho con *A galiña azul*.

Carlos Casares remata os seus estudos e comeza a traballar como profesor de Literatura española en Viana do Bolo, nun dos institutos libres adoptados. Un problema cunha obra de teatro que el nunca escribiu fixo que quedase sen traballo. Volve para Ourense, con intención de preparar as oposicións, pero ofrécenlle un posto como profesor en Bilbao.

A finais dos anos 60 coñece a Kristina, a que será a súa muller, no tren que ía de Ourense a Santiago. Kristina estudara náutica e ía ata A Coruña para embarcar con destino á India. Casan en Beiro ao mes e medio de se coñeceren.

En 1969 publica a segunda obra destinada a un público adulto: *Cambio en tres*.

No ano 1972 comeza a publicar en galego no xornal *La Región* na sección “Con esta lupa” e pouco despois inicia as colaboracións en *La Voz de Galicia*, primeiro coa sección crítica de libros “A ledicia de ler” e dende o ano 1988 coa columna “Á marxe”.

En 1973 gaña o I Concurso de Teatro O Facho con *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*.

No ano 1974 aproba as oposicións e comeza a traballar como profesor de Literatura no IES Rodeira de Cangas do Morrazo.

En 1975 publica *Xoguetes pra un tempo prohibido*, a memoria biográfica de toda unha xeración.

No ano 1977 entra na Real Academia Galega e gaña o Premio Otero Pedrayo.

En 1979 publica *Os escuros soños de Clío* e, ao ano seguinte, *Ilustrísima* un libro en homenaxe ao seu tío Xosé, cura en Beiro.

Nos anos oitenta comeza a súa participación na política. Vai nas listas do PSdeG-PSOE xunto con Benxamín Casal, Alfredo Conde e Ramón Piñeiro, como independentes. Será deputado no primeiro goberno da democracia. Durante estes anos aprobouse a Lei de normalización lingüística, unha lei importantísima para a nosa lingua e que el mesmo axudou a redactar. Durante esta primeira lexislatura impulsan a creación da RTVG.

En 1983 entra a formar parte do Consello da Cultura Galega e convértese no seu presidente en 1996.

A Editorial Galaxia foi outra das empresas nas que participou Carlos Casares. Entra na Editorial no ano 1985 e ao ano seguinte convértese no seu director.

En 1995 é nomeado presidente do Pen Club Galego.


En 1996 publica *Deus sentado nun sillón azul* e *Un país de palabras*.

Carlos Casares participa en numerosos faladoiros e encontros literarios ao longo da súa vida. Na adolescencia, nos de Ourense e logo, na mocidade, será asiduo aos que se organizan en Santiago no Café Derbi, no Cantábrico, no Estradense ou no Asasino. En 1983 dá comezo o famoso faladoiro de verán na cafetería Monterrey, xunto con Gonzalo Torrente Ballester, Manuel Prego e Miguel Viqueira.

O autor homenaxeado estendeu a cultura galega polo mundo adiante ao participar en numerosos actos e cursos en cidades como Berlín, xunto con Víctor Freixanes, A Habana ou Nova York. A súa participación anual nos encontros de Verines en Asturias e a viaxe en tren no famoso Expreso da Literatura fixeron del un grande embaixador da nosa terra.

Carlos Casares falece, dun ataque ao corazón, o 9 de marzo de 2002. En abril dese mesmo ano a Editorial Galaxia publica a súa obra póstuma: *O sol do verán*.





Ourense e a comarca da Limia. Os primeiros anos

Actividade 1.1

Carlos Casares naceu en 1941, cando España estaba mergullada na ditadura franquista. Como ten referido nalgunha entrevista e nos textos de "Á marxe", cando era cativo escoitáballes aos avós historias de guerrilleiros; a algún deles mesmo o chegou a coñecer. Nas aldeas referíanse a eles como os atracadores.

Deseguido, le os seguintes textos e responde as preguntas que atoparás ao final.

ANARQUISTAS

Hai uns días, escoiteille a un amigo algunhas historias relacionadas con anarquistas, que sabía moitas. Eu, pola contra, non lle puiden ofrecer case nada, porque sei moi poucas cousas. En realidade, só tratei un daqueles homes, o Epifanio de Sabucedo, coñecido tamén polo Seisdedos, a quen lle queimaron a casa porque dicían que escondía dentro dela, nun soto construído debaixo da cociña, os atracadores, que era o nome que na miña terra lles daban aos que noutros sitios chamaban os fuxidos e que máis tarde tamén se chamaron os maquis. Era certo que estaban alí, como me confirmou anos despois un deles, Camilo Dios.

O periodista Landeira Yrago, que sabía moitas historias compostelás, faloume varias veces dun anarquista que había en Santiago antes da guerra e que desfecía as procesións cun bote de pementos morróns, non polo bote en si, senón porque lles facía crer aos devotos e ás devotas que se trataba dunha bomba de man. Naturalmente, matárono.

Das cousas que me contou o amigo do outro día, quedoume especialmente gravada a historia dun anarquista, non recordo se aragonés ou valenciano, que acudía todos os días ás reunións do grupo no cal estaba encadrado, cunha bomba, pero esta de verdade, non como o bote de pementos do seu correligionario galego. Un día, alguén con sentido común díxolle que alí, por votación, non estaban pola violencia, de xeito que era mellor que deixase aquel artefacto perigoso na casa. O aludido, todo cheo de razón, respondeulle: "Prefiro traela comigo e tela disposta xa para o día que se aprobe por maioría facer algún atentado". Oxalá que aquel toliño non correse a sorte do compostelán.

Mércores, 16 de febreiro de 2000

O CASTO CABEZAS

Onte prometín falar aquí do Casto Cabezas, tío dese amigo meu que o outro día andaba revestido de axente do KGB. Non dixen que o disfrazado, hai anos, me dixo que ía desfacer unha procesión do Corpus a tiros. Quedáralle esa querenza desde rapaz, un día que foran buscar o seu tío, para prendelo, e a falta de pan, pois o home non estaba na casa, batéronlle á única muller que andaba por alí, que resultou ser a nai do futuro revolucionario. A procesión non a desfixo. Limitouse a facer algunhas folgas en Barcelona e algunhas cousas máis, aínda que nunca se pasou. Por iso agora pode celebrar o entroido desta maneira.

O seu tío andara fuxido no monte, despois da guerra, cando eu era rapaz. Tiña unha lenda enorme, de home valente e destemido, invencible, capaz de meter unha bala polo bico dunha botella a vinte e cinco metros de distancia, ou de partir dun tiro un fío do tendido eléctrico. Operaba polas terras da Limia, a cabalo da fronteira, a un lado e ao outro da raia, e non se privaba de ir comer o pulpo á Feira Nova, nos ollos da Garda Civil.

Canso de andar tirado polo monte, un día presentouse na casa do meu tío Benito, en Sabucedo, con quen tiña boa relación porque algunha vez o viñera buscar para que lle curase os feridos. Dixo que quería entregarse, pero puxo condicións. Por exemplo, elixiu para facelo ao tenente Barreiros, que logo chegaría a coronel, porque o consideraba un home de honor. Entregouse na casa do meu tío, nun ambiente relaxado, contando incluso como escapara unha vez, xa cando o tiñan collido. Pasou no cárcere uns anos. Aínda se presentou ás primeiras eleccións por un partido raro. Non recordo que tivese moitos votos, aínda que tiña amigos.

Sábado, 16 de febreiro de 2002

- 1 Procura información sobre os guerrilleiros que aparecen sinalados nos textos de Carlos Casares. Fai unha pequena biografía de cada un deles. Que peculiaridade ou característica importante teñen en común?
- 2 Elabora un mapa de Galicia e sitúa os lugares de orixe dos guerrilleiros.
- 3 Define os seguintes termos: *maquis*, fuxidos, guerrilleiros, anarquistas, os do monte, comunistas, atracadores e Couto Mixto.
- 4 Na Galicia dos anos 40 e 50 o sistema político era igual ou diferente ao actual? Sinala as principais diferenzas. Cal era o sistema político e de goberno que tivo España entre 1939 e 1975?
- 5 Cal era a situación política e social nos anos 40 e 50 en Galicia? Pregúntalles aos teus avós ou persoas maiores que coñezas. Busca información na biblioteca ou a través da internet. Facede unha posta en común con toda a información recollida.
- 6 Que cambios na sociedade e no goberno supón a vitoria de Franco na Guerra Civil?
- 7 Constrúe unha liña cronolóxica e sinala nela os principais acontecementos da vida de Carlos Casares en cor negra e os acontecementos da historia de España en cor vermella. Podes visitar esta páxina de Miguel Carricoba e Marta Arias, para guiarte na elaboración da túa liña do tempo: <http://www.slideshare.net/urraca60/titorial-facer-unha-lia-de-tempo-contimerime>.
- 8 Podes ver as películas *Pan negro* de Agustí Villaronga e *O lapis do carpinteiro* de Antón Reixa para comprenderes esta época histórica.

Actividade 1.2

Logo de lermos atentamente os carteis 1 e 2, sabemos que Carlos Casares naceu en Ourense e que pasou a súa infancia e adolescencia en varios lugares da provincia.

- 1 Búscalos na información que aparece no cartel 1 e localiza eses lugares nun mapa político de Galicia.
- 2 O pai de Carlos Casares era mestre nunha vila de Ourense, moi coñecida porque nela se celebra un dos entroidos máis antigos e populares de Galicia. Saberías dicir o seu nome?

Carlos Casares era un asiduo á festa do Entroido da súa vila, como podes comprobar no texto seguinte tirado dunha columna de “Á marxe” de 1998:

O domingo pola mañá achegueime ata Xinzo de Limia para ver o entroido. Xa se sabe que miña vila hai un vello costume: todo aquel que non leve algún tipo de disfraz, mesmo un que sexa un poncho mexicano, uns bigotes postizos, un gorriño de papel ou un nariz de pallaso, exponse a ser collido no aire polas cuadrillas de pantallas e introducido pola forza no primeiro bar que se encontre, onde debe invitar a unha ronda. De maneira que só os forasteiros despistados se atreven a transitar pola rúa vestidos de persoas.

A min nunca me valeron nin os bigotes nin os lentes falsos de miope escandaloso nin os gorriños de cucurucho para librarme de pagar o foro. Ano tras ano, fun collido e transportado polo aire por grupos de mozos fornidos, moitos dos cales resultaban ser, como eles mesmos se encargaban de explicarme, fillos de amigos meus.

Este ano merquei unha careta de pato cuacúa e conseguín que ninguén me atrapase. Dese xeito, puíden contemplar a festa con tranquilidade. Había monxas de minisaia, bispos con cara de senvergonzas, dromedarios, falsos curas, mozas despendoladas... unha explosión de vitalidade irreverente e feliz. Cando me volví, xa pola tarde, unha cegoña atravesaba o ceo, moi alta. Pareceume moi fermosa, máis que ningunha desas máquinas perfectas que dentro de poucos días van caer como un demo furioso sobre Bagdad.

Luns, 23 de febreiro

3 Logo de leres o texto anterior describe como se celebra o Entroido na túa vila.

4 Podes atopar máis actividades sobre os personaxes típicos do Entroido galego na seguinte ligazón:
<https://galaxiacasares.wordpress.com/2017/03/19/o-entroido/>

A obra literaria de Carlos Casares está chea de referencias biográficas. As súas obras están ambientadas en lugares nos que el viviu e cos que mantivo unha estreita vinculación.

Actividade 1.3

1 Nos seguintes textos poderás atopar referencias a diferentes momentos da súa vida. Poderías identificalos?

"[...] Máis alá quedaba canto foras: o Cascón, o Pavesa, o Calamidá, a túa nai, a casa e catro mágoas que dende lonxe nin iso parecían. En adiante terías que aprender todo de novo, ter en conta de non esquecer canto viviras para poder seguir adiante. Era o importante saber que máis alá do muro permanecía todo igual.

Pero non. Despois dun ano de clases, de estudos, de paseos, de rosarios, os teus ollos miraban as cousas doutro xeito. Había tempo que levabas outro mundo na mirada: o patio aquel onde xogabades ó fútbol, a fonte para a sede do recreo, o socialco, [...]"

Xoguetes pra un tempo prohibido

"[...] Dende neno soñara con ser bispo. Recordaba emocionado a tarde en que a nai e as tías, dálle que dálle á agulla, no balcón da horta, entre contos, lle coseran unha casula e unha alba para que puidese xogar aos cregos. Decía misa sobre un caixón cuberto cunha saba salpicada de caraveis. O cáliz era unha copa de tomar as fresas, e a hostia, unha hostia de verdade, que lle daban cos recortes da parroquia. Asistía a familia enteira. [...]"

Ilustrísima



"[...] As maneiras de narrar do meu avó e da miña avoa diferían de forma radical. O primeiro dispoñía dunha percepción case nula para todo canto tivese algún tipo de relación co misterio, incluídas as crenzas relixiosas, que o deixaban completamente indiferente. Cando contaba algo, tiña sempre que ver con feitos presenciados ou vividos por el, xeralmente lances fortes.

Miña avoa, en cambio, prefería historias con misterio, especialmente as que incluían un trato sinxelo e doméstico cos mortos. Os seus relatos tiñan o interese do medo, nunca o sabor minucioso do detalle. [...]"

Un país de palabras

"[...] Nunca, nunca xa un neno puro, compañeiro. De repente fixéronse home, botáronse para sempre do paraíso. [...]"

Xoguetes pra un tempo prohibido

"[...] Pero equivocábase. O nerviosismo deste non era o propio de quen vén impoñer algo, senón o de que vai pedir. Tratábase dun favor. O seu sobriño, Antonio Biempica, fillo vinculeiro da súa irmá Teresa, na casa da cal Ilustrísima probara o mellor cocido da súa vida, comera o año máis saboroso que acariñara o seu esixente padal e dera conta dun flan que non tiña comparación nin igual en toda a diocese, quería entrar no seminario e facerse cura pola breve. [...]"

Ilustrísima

"[...] Pero un día chegaron as primeiras chuvias do outono e pola mañá cedo marchaches coa maleta cara a un tren encanastrado e vello. Chicha esperaba paseando polo andén -para agardar a unha amiga, explicou axiña- e achegouse a saudar ós teus pais. A ti díxoche ola! cun sorriso grande e despois púxose a falar de como pasa o tempo, que barbaridade, que aínda onte andabas xogando cun aro polas beirarrúas e de aquí a pouco serás todo un señor licenciado. [...]"

Xoguetes pra un tempo prohibido



- 2 Que nos quiere decir o autor cando utiliza a metáfora “botáronte para sempre do paraíso” no seu libro *Xoguetes pra un tempo prohibido*? Describe ese momento crucial na túa vida en que fuches “expulsado do paraíso”.

Actividade 1.4

Carlos Casares pasou uns anos no seminario: a influencia da familia materna, dos tíos curas, foi decisiva para el. Le o seguinte texto sobre a prohibición de falar galego e o significado que tiña para os rapaces do seminario falar na súa lingua:

“Cada vez que decías unha verba en galego tiñas que escribir mil, cinco mil, dez mil veces: “no hablaré gallego, no hablaré gallego, etc”, pero tamén había unha reacción contraria: a dos rapaces que fixemos da lingua unha sorte de liberación clandestina e sentíamos un pracer escuro no falar a escondidas un idioma que a maioría aprendera nas casas. Eu cheguei a deber milleiros de copias, millóns de copias de “no hablaré gallego””.

Entrevista de Carlos Casares en *Unha ducia de galegos*. Víctor Freixanes

- 1 Explica que tipo de institución era o seminario e por que os rapaces ían a miúdo estudar alí.
- 2 Procura entre as persoas achegadas algunha que estudase no seminario e pídlle que che conte como era a vida alí: horarios, estudos, prohibicións etc. Logo fai unha posta en común.

Cartel 2

Os movementos estudantís e a descuberta do amor

Actividade 2.1

Un grupo de rapazas investigou sobre a importancia que a cidade de Santiago de Compostela tivo na vida de Carlos Casares. Durante meses estiveron lendo biografías de Carlos Casares, entrevistas e textos publicados na súa columna diaria de “Á marxe” no xornal *La Voz de Galicia*. Logo de seleccionaren todos os espazos importantes para Carlos Casares referidos a Santiago, visitaron a capital galega e realizaron unha ruta moi interesante. Podedes atopala na seguinte ligazón: <https://galaxiacasares.wordpress.com/portfolio/tras-as-pegadas-de-carlos-casares-en-santiago/>

1. Accede ao plano de Santiago de Compostela na ligazón http://www.santiagoturismo.com/files/2016/03/20160323103826_PLACALLSANT2164OK.pdf. Seguindo as indicacións destas rapazas, deberás ir marcando as rúas e os espazos (prazas, edificios, librarías, cafetarías, facultade etc.) que tiveron importancia na vida do autor.

Actividade 2.2

Carlos Casares coñece a Ramón Piñeiro ao pouco de chegar a Santiago e convértese no seu mestre.

1. Le atentamente o seguinte texto e investiga para saber quen foi Ramón Piñeiro. Que significou para Carlos Casares?



“Alá polo outono do ano 1962, recién chegado á Universidade de Santiago, un día gris de chuvia intensa subín con Arcadio López Casanova, daquela estudante na facultade de Letras, á casa dun amigo que me quería presentar e do que xa me tiña falado varias veces con moita devoción, dicíndome que se trataba dun verdadeiro sabio e dunha persoa fóra do común. Era no número 15 da rúa de Xelmírez. Ó chegar, abriunos a porta un home alto e cegato, sorrinte, de fronte ampla, co pelo peiteado para atrás [...]”

Carlos Casares. *O conto da vida*. Tucho Calvo

Actividade 2.3

Carlos Casares chega a Santiago a principios dos anos 60 e deseguida lle piden formar parte da Asociación Democrática de Estudiantes (ADE). Comunícallo a Ramón Piñeiro e o consello do seu mentor foi o seguinte:

“Díxome que o valorase eu e que conviña tamén que soubese os riscos que corría, porque pertencer a unha organización estaba penado con anos de cárcere. [...] Se decides entrar aí, eu penso que o teu papel debe ser que eses rapaces asuman o ideal galeguista porque, polo que me contas, están de costas a eso. Entón eu entrei e comprobei como había no ADE unha amalgama do sector católico e outro marxista, que daquela tiñan unha boa relación, pero absolutamente de costas ao galeguismo. [...]”

O conto da vida. Tucho Calvo

Así e todo, Carlos vai participar nas asociacións estudiantís. Ao pouco de chegar a Santiago, ingresa en ADE (Asociación Democrática de Estudiantes) e participa na creación do Felipe (Frente de Liberación Popular).

Velaquí algunhas das accións nas que participou Carlos Casares:

- ✓ Organiza conferencias con carácter galeguista.
- ✓ Colabora na organización do concerto de Raimon.
- ✓ Participa na galeguización das Festas Minervais organizadas polo sindicato SEU.
- ✓ Participa en conversas co reitor da Universidade, Jorge Echeverri, para que a materia de galego fose impartida no Instituto de Idiomas.
- ✓ Participa nalgunhas xuntanzas clandestinas do partido socialista.

1 Investiga sobre a importancia dos sindicatos estudiantís na Compostela dos anos 60.

Actividade 2.4

Carlos Casares participou na organización do concerto de Raimon en Santiago e foi o tradutor das letras ao galego, xunto con Salvador García Bodaño. A partir deste famoso concerto dá comezo a **canción protesta**, unha expresión musical do movemento de reacción antifranquista.

- 1 Infórmate sobre a canción protesta visitando a infografía que atoparás na ligazón <https://galaxiacasares.wordpress.com/2017/01/18/a-cancion-protesta/>
- 2 Investiga para saber quen foron algúns dos representantes da canción protesta en Galicia e o que significou ese movemento musical e poético.

Actividade 2.5

Carlos Casares coñeceu a Kristina Berg no tren que os levaba ata a Santiago de Compostela. Carlos ía entregarlle a Ramón Piñeiro o seu estudo crítico sobre a obra de Manuel Curros Enríquez e Kristina ía facer transbordo en Santiago para dirixirse á Coruña, onde ía embarcar con destino á India. Casaron ao pouco de se coñeceren e visitaron Suecia case deseguida. Eles sempre realizaban as viaxes a Suecia en coche, atravesaban Europa.

- 1 Fíxate neste mapa <https://galaxiacasares.wordpress.com/2017/01/19/mapamundi/> e marca os países que atravesaría a familia Casares-Berg ata chegar a Suecia.
- 2 Que idiomas se falan en cada un dos países que atravesaban?

Carlos Casares escribiu as famosas “Cartas dende Suecia” para *La Voz de Galicia*; o director pedíalle que falase da vida cultural nese país europeo. A continuación podes ler unha das cartas enviadas dende o país de Kristina en 1980.

CANDO A DEMANDA CULTURAL É CORRESPONDIDA

Cando se di que Suecia é un dos países de nivel cultural máis alto do mundo, convén non esquecer que se está a empregar un concepto, o de cultura, moi complexo e polivalente. Por suposto que cando se fala así, a palabra cultura non ten o significado orteguiano de cultura clásica ou humanista, senón que se aproxima máis ao que por tal entenden os sociólogos americanos, especialmente os célebres Dwight Macdonald e Edward Shils. A cultura humanista, ou alta cultura, en Suecia é un asunto de minorías, como no resto do mundo.

O que é alto en Suecia é o nivel cultural medio. A inmensa maioría da poboación ten estudos secundarios, non existe un só analfabeto (apareceu un alá polos anos cincuenta o foi un auténtico escándalo nacional), son moitísimas as persoas que coñecen algunha lingua estranxeira, todo o mundo le polo menos un periódico diario, os informativos na radio e na televisión son seguidos practicamente por todo o país... A isto aínda se podería engadir o número de teatros (uns catrocentos), bibliotecas públicas, salas de exposicións e centros semellantes, que aseguran a todos a satisfacción das súas necesidades culturais a diferentes niveis.



Só para referirnos ás bibliotecas, digamos que estas son excelentes e que se ven moi concorridas, sobre todo os salóns de lectura de prensa. Na da cidade onde eu vivo, que ten apenas cincuenta mil habitantes, están á disposición do público máis de cincuenta diarios suecos, uns trinta diarios estranxeiros (The Times, Le Monde, El País, Herald Tribune, La Stampa, Corriere della Sera, Frankfurter Allgemeine Zeitung, Pravda...) e unhas cincuenta revistas suecas e do resto do mundo, entre elas Cambio 16, L'Express, Paris Match, Der Spiegel, Time, Newsweek, New Statesman, The Times Literary Supplement, Les Nouvelles littéraires...

Dado o trato escrupuloso que aquí se dá ás minorías e tendo en conta a inmensa riqueza do país, abonda que unha persoa ou un pequeno grupo de persoas reclamen calquera tipo de publicación non importa de que parte do mundo, para que se atenda a petición. A pequena colonia de fala española, case todos exiliados políticos latinoamericanos, dispón aquí, na biblioteca municipal á que me refiro, de cinco periódicos e revistas, ademais de contar con profesores especiais de español, para que os seus fillos (non máis de seis ou sete nenos) non perdan o contacto coa súa cultura orixinal.

Polo demais, como é lóxico nunha sociedade industrial como esta, existe unha extensa cultura de masas, que se difunde a través da prensa, da radio e da televisión e que vai estandarizando os gustos, as opinións e as ideas. Do mesmo xeito que a revista Life americana na súa primeira etapa non tiña inconveniente en publicar no mesmo número seis fermosas reproducións a toda cor de Renoir ao lado da foto dun cabalo con patíns, os semanarios populares suecos fan compatible un relato erótico máis ben mediocre cun fermoso conto de García Márquez.

Para esas almas inocentes que no noso país se imaxinan paraísos culturais, poboados de sabios e almas exquisitas, ávidos lectores da gran literatura universal, pensadores profundos e artistas xeniais, digámoslles que teñen que buscar noutro sitio, que aquí ese soño aínda non se fixo realidade, pese a todo canto antes dixen. O que aquí é realidade é unha cultura media alta, unha inversión xenerosa e intelixente en organismos e entidades culturais, un bo nivel informativo e un respecto exemplar a todas as minorías. Dificilmente se pode facer máis. Do outro lado da fronteira empeza outra cousa: o dirixismo ideolóxico, a propaganda e a falta real de liberdade. Aínda que non sexa precisamente un modelo de alta cultura o serial inglés que estamos vendo estas noites na televisión, sobre a vida de Lillie Langtry, e que pronto supoño que pasará á televisión española. Servidumes da cultura de masas.

3 Cal é a posición de Carlos Casares respecto ao nivel cultural de Suecia?

4 Que importancia cres que debe ter o nivel cultural dun individuo na súa formación?

Actividade 2.6

Carlos Casares foi profesor en Viana do Bolo, Bilbao, Cangas do Morrazo e Vigo. Na seguinte ligazón poderás ver e escoitar o seu alumnado a falar sobre o labor docente do autor homenaxeado nas Letras Galegas e sobre a situación política e cultural dos anos 70 en Galicia:

<https://galaxiacasares.wordpress.com/portfolio/lembranzas-das-aulas-de-carlos-casares-faladoiro/>

1 Como definen a Carlos Casares como profesor? Que destacan del?

2 Como vivían a situación política naqueles anos?

3 De que lles daba clases Carlos Casares?

4 No faladoiro aluden a un conflito co profesorado non numerario do IES de Rodeira. A que se refiren?

Actividade 2.7

Carlos Casares viuse privado, en dúas ocasións, do seu posto como profesor: en Viana do Bolo e en Bilbao. Investiga cal puido ser o motivo para que fose expulsado de Viana. Podes atopar información na seguinte ligazón: <http://fundacioncarloscasares.org/biografia/>

Actividade 3.1

No espazo <https://galaxiacasares.wordpress.com/portfolio/leriando-no-casares-curtametraxe/>, poderás atopar o faladoiro titulado *Leriando no Casares*. Nesta ocasión, todos os personaxes da obra infantil de Carlos Casares reúnense nunha cafetaría, sen saber que ao seu creador acaba de falecer.

- 1 Logo de ver a curtametraxe anterior, intenta relacionar cada personaxe co libro ao que pertence.
- 2 Le algunhas das obras infantís de Carlos Casares, por exemplo: *A galiña azul*, *O can Rin e o lobo Crispín*, os contos de *Toribio*, *Lolo anda en bicicleta* e *Un polbo xigante* e organiza un faladoiro semellante. Podes localizalo no momento en que ao autor lle acaban de dedicar o Día das Letras Galegas.

Actividade 3.2



Os faladoiros foron unha das grandes afeccións de Carlos Casares, xa dende os anos do bacharelato; servíanlle de plataforma para achegarse á realidade cultural de Galicia e do mundo enteiro. Son ben coñecidos os que frecuentaba en Ourense, en Santiago ou en Nigrán. Neles fixo amizade con Vicente Risco, Xaime Quessada, Arcadio López-Casanova, Gonzalo Torrente Ballester e outros moitos. Sobre o faladoiro en Ourense con Vicente Risco, Carlos di o seguinte:

"[...] Polas tardes, a eso das tres, chegaba ó Café do Parque de Ourense onde tiña a tertulia nos últimos anos da súa vida. [...]"

"[...] Como en todas as reunións informais destas características, os temas de conversa eran moi variados. Había quizais unha tendencia acusada a falar da arte, debido á presenza nutrida de pintores e escultores, que escoitaban a Risco con atención, pois era moi aberto e sentía curiosidade por calquera tendencia experimental ou renovadora, ademais de que coñecía moi ben a historia da arte moderna."

Un país de palabras

- 1 Grazas a Risco, Carlos Casares sabe da existencia do Grupo Nós e escoita falar por primeira vez de Castelao. Investiga ata saber quen era o Grupo Nós. Que significado tiveron estes intelectuais na historia de Galicia?

Cartel 4

Un compromiso con Galicia e co galego

Actividade 4.1

O cartel 4 fai referencia á importancia que tivo Ramón Piñeiro na formación ideolóxica de Carlos Casares e de moitos outros estudantes no Santiago dos anos 60. A amizade entre eles foi tan estreita que Ramón Piñeiro chegou a ir ata Suecia para pasar algún verán, segundo di Casares neste texto de “Á marxe”:

RECORDO DUN AMIGO

Recordo unha tarde de verán, hai xa anos, no xardín da casa que Ramón Piñeiro tiña alugada en Suecia para pasar uns días naquel país. Levabamos varias horas de charla amigable, cunhas cervexas frescas sobre a mesa de madeira que nos acollía, aproveitando o tempo de lecer, sen présas nin compromisos, saboreando a alegría da conversa. Acababa de contarme con graza que puña no relato das súas vivencias, de que maneira viaxara a Galicia, despois da guerra, cuns papeis que lle conseguira Cunqueiro. [...]

Domingo, 28 de agosto



Carlos Casares e Ramón Piñeiro preséntanse ás primeiras eleccións ao Parlamento de Galicia (como galeguistas independentes nas listaxes do PSdeG-PSOE) e son elixidos deputados. Nese primeiro goberno galego creáronse a RTVG e o Consello da Cultura Galega, claves para a lingua e a cultura galegas.

- 1 Investiga cando se creou a RTVG.
- 2 Antes de termos un canal de televisión autonómico, tiñamos a posibilidade de escoitar falar en galego na televisión? Que programas? Canto tempo duraba a emisión?





Actividade 4.2

Carlos Casares axudou a redactar a Lei de normalización lingüística, aprobada no ano 1983. Na súa introdución, podemos ler o seguinte:

"A lingua é a maior e máis orixinal creación colectiva dos galegos, é a verdadeira forza espiritual que lle dá unidade interna á nosa comunidade. Únenos co pasado do noso pobo, porque del a recibimos como patrimonio vivo, e uníranos co seu futuro, porque a recibirá de nós como legado de identidade común."

Lei de normalización lingüística

Esta lei, de acordo co establecido na Constitución e Estatuto de Autonomía, garante *"a igualdade do galego e do castelán como linguas oficiais de Galiza e asegura a normalización do galego como lingua propia do noso pobo"*.

Na ligazón: http://www.parlamentodegalicia.es/sitios/web/BibliotecaLeisdeGalicia/Lei3_1983.pdf podes acceder ao texto desta lei.

- 1 Le o texto e debate sobre a situación da lingua galega na actualidade. Que opinas sobre o que se di nos artigos desta lei?

Cartel 5

Unha viaxe a través da literatura

Actividade 5.1

Vento ferido foi o primeiro libro publicado por Carlos Casares, en 1967. Comparte coa Nova Narrativa Galega a ansia renovadora, a presenza da violencia e os personaxes problemáticos; porén, arrédase dela na intención de dirixirse a un público amplo e na recreación de mundos concretos e doadamente recoñecibles. O propio autor afirmaba que non formaba parte desta corrente literaria:

“Así escribín Vento ferido, un pouco seguindo as miñas vellas tendencias e outro pouco en contraste co que se facía. Piñeiro díxome que se ía publicar e deume unha alegría tremenda”.

En <https://galaxiacasares.wordpress.com/2017/01/19/nova-narrativa-vento-ferido/> podes atopar unha infografía cunha caracterización da Nova Narrativa Galega onde se sinalan as características que Carlos Casares comparte con esta corrente. Logo de a leres, analiza o relato “O xogo da guerra”.

O xogo da guerra

Argumento	Personaxes	Espazo e tempo
1 Cal é o motivo que desencadea o acto violento contra Zalo? Por que é el o elixido?	1 Cales son os personaxes principais do relato? Que idade aproximada pensas que teñen?	1 Rafael conta os feitos que sucederon un ano atrás e que o levaron á situación actual. Como se chama este recurso na literatura?
2 Por que acata Rafael as ordes do Rata se afirma "Eu non quería"?	2 No relato diferéncianse dúas partes: o episodio violento contra Zalo e a estadía de Rafael no reformatorio. Repara no cambio de comportamento que experimenta un dos protagonistas. Como se xustifica?	2 Que tipo de espazo predomina no presente e cal no pasado? Que relación teñen eses espazos coa historia?
3 Como xustifica Rafael o seu comportamento violento diante do "señor aquel"?	3 Por que pensas que lle porían como alcume "O Rata".	
4 Como explicarías o título en relación co argumento?		

Actividade 5.2

Xoguetes pra un tempo prohibido é considerado pola crítica como a memoria dunha época, a ditadura. Foi publicado poucas semanas antes da morte de Franco. Son as memorias de Elías, o protagonista.

Le atentamente o seguinte fragmento de *Xoguetes pra un tempo prohibido*.

"[...] Ó mellor resulta que é eso, que estás namorado e que non llo queres dicir a ninguén, e que por eso andas sempre coa cabeza gacha todo o día e dis disparates á dereita e á esquerda, como se os demais che tivesen culpa de nada, anque ó mellor, vai ti saber... [...]"

- 1 O protagonista está a experimentar un cambio e ninguén o entende. Algunha vez te sentiches igual ca el? Elabora un breve texto para unha bitácora sobre algún momento da túa vida en que te sentiches perdido, desorientado, raro ou incomprendido.

Actividade 5.3

Os escuros soños de Clío é un libro de relatos breves que lembran os de Borges ou Cunqueiro. Casares realiza un xogo literario entre o real e o imaxinario e chega a crear unha historia alternativa á verdadeira historia de Galicia.

- 1 Nesta obra atopamos unha gran variedade de personaxes: guerreiros nórdicos, monxes endiañados, alquimistas, republicanos... Describe algúns personaxes concretos.
- 2 Os relatos están baseados en descubertas bibliográficas. Le un resumo sobre os protagonistas en <http://fundacioncarloscasares.org/2017/02/09/os-escuros-sonos-de-clio/>, e busca información na rede sobre a vida dun deles.

Actividade 5.4

Ilustrísima é unha novela dedicada ao cura de Beiro, tío do autor. A familia materna de Carlos Casares contaba cunha longa tradición eclesiástica con curas, bispos, cóngos e ata un arcebispo en Cuba. Nesta obra contra a intolerancia e o fanatismo, o protagonista, *Ilustrísima*, está enfrontado a don Xenaro, Sor Sabina e don Telesforo.

- 1 Entra en <http://fundacioncarloscasares.org/2017/02/14/ilustrisima/> e descubre cal é a modernidade que chega á cidade e por que hai un enfrontamento entre *Ilustrísima* e os personaxes anteriores.
- 2 A crítica literaria Dolores Vilavedra ten dito que a partir desta obra a muller adquire cada vez máis importancia na narrativa de Carlos Casares. Poderías dar exemplos?

Actividade 5.5

A obra *Deus sentado nun sillón azul* ten como protagonista un profesor universitario xa retirado na cidade de Ourense. Nesta ocasión, a historia cóntase desde a perspectiva dunha muller que tivera unha relación con el e que observa dende a xanela os seus movementos na casa de en fronte. Agora ela contempla un home canso e minguido que ve pasar as horas sentado nun asento azul e atendido pola súa dona.

A novela abrangue unha época histórica ampla: os anos de preguerra, a Guerra Civil, a Segunda Guerra Mundial e a posguerra española. Igual que sucede nas anteriores, os espazos en que se desenvolve a historia son os da infancia e mocidade do escritor: Ourense, Beiro, Lamas...

- 1 Entra en <http://fundacioncarloscasares.org/2017/02/20/deus-sentado-nun-sillon-azul/> e logo explica como recrea Casares a posguerra nesta obra.

Le este fragmento:

"[...] De pronto é como se os acontecementos que estes días conmoven a cidade tivesen lugar a miles de quilómetros de distancia, mesmo como se todo canto sucede no mundo se perdera nunha dimensión que el xa non consegue comprender. Aínda non comentou no periódico o holocausto das dúas cidades do Xapón que hai poucos días foron arrasadas por unha bomba e borradas do mapa. Ela está segura de que xa non o vai facer. [...]"

Deus sentado nun sillón azul

2 O texto fala do holocausto de dúas cidades. A cales se refire? Que ocorreu?

Actividade 5.6

O sol do verán é a derradeira novela de Carlos Casares. A historia parte dun suceso trágico, o suicidio de Carlos na casa de Beiro, onde agora vive Helena. A novela está narrada en primeira persoa por esta personaxe feminina que, ao descubrir o cadáver, lembra unha historia común que se remonta aos anos da infancia e ás vacacións de verán que compartiran.

Le o seguinte texto:

"[...] Foi a primeira vez que pensei que Carlos me traizoara, un pensamento que, nos días que seguiron, conforme pasaba o tempo, se me ía cravando con máis forza dentro da cabeza. Non entendía como aquel home, que unhas horas antes falaba comigo no seu coche, que cando me contou os amores entre Leopoldo e a miña nai ría como se aquel episodio lle parecese unha historia fermosa e feliz e non o drama horrible dun fracaso, a traxedia estúpida da que foran protagonistas dúas persoas a quen os dous adorabamos, pouco máis tarde, ó chegarmos xuntos á casa de Beiro, despois de despedirse de min na porta do salón, dicíndome en voz baixa que era o home máis feliz do mundo, se metera no cuarto de baño e se pegara un tiro na cabeza. [...]"

1 Como se manifesta a voz narradora?

2 Que relación garda Beiro cos espazos vitais de Carlos Casares?

3 A historia está narrada dun xeito lineal? Que recurso literario emprega Casares nesta obra?

Actividade 5.7

A crítica adoita distinguir entre cinco momentos biográficos na vida do protagonista:

- A infancia na vila natal
- A adolescencia no seminario
- O verán anterior á entrada na universidade.
- Os primeiros anos de universidade.
- A madurez, anos despois nunha vila costeira.

1 Poderías identificar estes textos con cada un destes momentos? Xustifica a resposta.

Saías da librería acariñando o libro, escondías as apretadas seiscentas páxinas debaixo da gabardina branca e corrías ata a pensión, metíaste na cama e qué pequeniñas resultaban as palabras escoitadas [...]

[...]entrar na cafetería Gaiola e falar dos exames, da guerra do Vietnam, de Charlot, das cousas raras do pintor Luguís [...], do Che Guevara; de Vicente Risco, que está tan maliño [...]

Entón pensas que é mellor gardar silencio, renunciar a seguir loitando, aceptar os feitos consumados, erguerte, dicir adeus, saír á rúa a buscar debaixo dos aleiros dos tellados o amparo contra a chuvia que está caendo no momento en que do reloxo da catedral baixan doce bateladas [...]	Pero o can volveu, e unha tarde subíronte a un coche despois de xantar, percorreches máis de trinta quilómetros baixo o sol e apareciches de repente nun colexio enorme, rodeado de rapaces igualmente sorprendidos de que á tan recén estreada liberdade lle puxeran un muro tan alto. [...]
Estaba á túa beira, deitada panza arriba na toalla, e cos ollos pechados. Tiña o corpo untado de Nivea e de cando en vez volvíase cara a Chedes para dicirlle, por exemplo, que estaba morta de sono e que non pensaba saír aquela noite. Chedes respondía que tampouco, pero que de tódolos xeitos tiña intención de volver ó río pola tarde, que ía demasiada calor e que ó fin por aí non se facía nada, que a panda estaba dun alegre subido e que daba a sensación de que aquilo non era verán nin cousa semellante: [...]	Á mañá seguinte, como para seguir a festa, botaron foguetes e as campás da igrexa empezaron a repinicar, pero antes de que a túa nai tivese tempo de preguntar dende a fiestra que qué pasaba, xa viña toda aquela algarabía de xente pola rúa abaixo, seguindo a don Telesforo, que andaba a pasos longos, coa sotana recollida, e batía as palmas ó ritmo que marcaban os rapaces do Frente de Juventudes, que ían desfilando. [...]

Na obra narrativa de Carlos Casares existen dous ciclos ben diferenciados:

- Ciclo 1: Caracterizado polo afán vangardista e innovador. Comeza coa publicación de *Vento ferido* en 1967 e segue coa obra *Cambio en tres* en 1969.
- Ciclo 2: Caracterizado polo predominio do realismo. Neste ciclo inclúense obras como: *Xoguetes pra un tempo prohibido*, *Os escuros soños de Clío*, *Ilustrísima*, *Deus sentado nun sillón azul* e *O sol do verán*.

1 Relaciona as seguintes características coas obras correspondentes do ciclo narrativo de Carlos Casares.

CARACTERÍSTICAS

O punto de partida da historia é a instalación dun cinematógrafo na cidade de Ourense.	Temas predominantes: a soidade, a violencia, a monotonía e o fatalismo.
A protagonista é unha muller.	Relatos inspirados en Borges e en Cunqueiro.
Espírito rupturista e experimental.	Técnicas innovadoras: monólogo interior.
Tema da emigración.	Historia dedicada ao seu tío, abade en Beiro.
Historia ambientada nos anos da infancia e mocidade do escritor.	A técnica literaria utilizada para contar a historia é <i>in medias res</i> .
É unha reflexión sobre o papel do intelectual e sobre as súas responsabilidades.	Temas predominantes: a intolerancia e o dogmatismo.
Uso de caligramas.	Beiro é o espazo no que acontece a historia.
Novela formada por dez informes xudiciais para esclarecer unha morte a comezos da Guerra Civil.	Utilización de fórmulas xurídicas para redactar as declaracións das testemuñas.
Obras influídas por autores europeos e americanos (Faulkner, Dos Passos) e polo Nouveau Roman Française (Duras, Robbe-Grillet).	Historia narrada dende o punto de vista dunha muller que contempla o que pasa na casa de en fronte.
O obxectivo era modernizar a literatura galega.	Técnica narrativa utilizada: un narrador anónimo ve a través dos ollos dunha muller.

En <https://galaxiacasares.wordpress.com/2017/04/01/actividades-de-ampliacion-cartel-5/> podes atopar tarefas para afondar máis nesta obras.



Medrando en galego

Actividade 6.1

Carlos Casares no prólogo a unha das obras infantís, *A galiña azul*, escribía o seguinte:

<p><i>"Querida Ana: vai para sete anos que non te vexo. Tampouco teño visto fotografías túas desde entón porque prefiro quedarme coa última imaxe que teño de ti: unha nena loira cuns ollos azuis cheos de luz [...] Pero unha noite estrelecida do verán fúcheste para Santander. Teus pais volvían á súa terra de orixe. Aquela noite choramos todos.</i></p>	<p><i>Pero iso máis vale non o lembrar. Cando subiches ó coche, eu díxenlle á túa nai: "Que non se esqueza nunca de que é galega" [...]. Mentres non voltas, mándoche estes contos, escritos na túa lingua, para que ó escoitar estas palabras poidas relembraar aquelas outras ditas por aquela vella campesiña que viña do dentista de arrincar unha moa: "¡Ai que nena tan bonita! Parece unha mazá".</i></p>
--	--

No prólogo de *A galiña azul* podemos comprobar o compromiso que Carlos tiña coa lingua galega. El pensaba que era necesario que a lingua galega medrase na boca dos máis pequenos:

Nas seguintes ligazóns poderás ver varios vídeos con versións das obras infantís de Carlos Casares, en forma de poema, de rap e de canción:

- *A galiña azul*: <https://galaxiacasares.wordpress.com/portfolio/a-galina-azul-cancion/>
- *Lolo anda en bicicleta*: <https://galaxiacasares.wordpress.com/portfolio/lolo-rapeando-a-casares/>
- *Toribio*: <https://galaxiacasares.wordpress.com/portfolio/toribio-contacontos/>
- *O can Rin e o lobo Crispín*: <https://galaxiacasares.wordpress.com/portfolio/rin-e-crispin-contacontos/>

1 Fai ti tamén unha versión dalgunha obra súa.

Actividade 6.2

No cartel 6 descubrirás que o alumnado converteu en imaxes as palabras de Carlos Casares. Se premes nas seguintes ligazóns descubrirás máis ilustracións, baseadas na obra *O sol do verán*.


- Ilustración 1: <https://galaxiacasares.wordpress.com/portfolio/o-sol-de-veran-nuria/>
- Ilustración 2: <https://galaxiacasares.wordpress.com/portfolio/o-sol-do-veran-marcos/>
- Ilustración 3: <https://galaxiacasares.wordpress.com/portfolio/o-sol-do-veran-ilustracion-6/>

Tenta facer o mesmo co seguinte texto de "Á marxe" ou con outro que che guste. Mergúllate no texto para entender o que o autor quixo dicir. Logo tes que converter os pensamentos do autor en algo concreto.

TODO IGUAL

O venres, despois dunha cea, uns amigos acusáronme de deixar interrompida a historia do gato Samuel, de maneira que o último que sabían respecto del era que estaba feito unha calamidade, trasquilado e con pinta de tiñoso. Díxenlles que segue case igual, aínda que come con apetito, o cal debe significar que está ben de saúde, por máis que o aspecto sexa fatal. Aínda onte pola mañá, mentres eu lía un libro, sentado no porche, vino pasar. Deume a risa. Non o podo evitar, porque semella unha cousa rara, algo así como ver un señor pola rúa, vestido con chaqueta e gravata, camiñando cun paraugas na man, pero en calzóns.

Domingo, 14 de xuño de 1998



Atravesando fronteiras

Actividade 7.1

Carlos Casares foi, dende ben neno, un lector incansable. Coñecidos son os seus castigos por estar a ler obras consideradas inadecuadas naquel entón. Le o seguinte texto tirado de “Á marxe”.

UN ENIGMA INSOLUBLE

Como estudante, recibín dúas labazadas na miña vida. A primeira deuma un profesor de latín porque me sorprendeu lendo *A illa do tesouro* cando tiña que estar traducindo a Virxilio. A segunda veume dun profesor que me pillou na cama cunha lanterna nunha man e unha novela de Conan Doyle na outra. Supoño que ambos entendían que se trataba de lecturas pouco serias. Non conseguiron, non obstante, que chegase a aborrecer uns libros que daquela me gustaban e que co tempo acabarían gustándome aínda máis.

Ontes mesmo pola noite, nesas primeiras horas maravillosas da madrugada, cando todo o mundo está durmindo e a televisión deixou de ser ese inevitable ruído de fondo que nos rodea sen que sexamos conscientes da súa presenza, abrí un libro do creador de Sherlock Holmes. Hai cousas que gañan moitísimo co tempo.

Contemplando un grupo de traballadores que saen dun estaleiro, o famoso detective di que parecen uns sucios bergantes, pero que seguramente todos ocultan dentro unha pequena chispa inmortal. Logo engade: "¡Que estraño enigma é o home!" E remata coa seguinte observación: o home, tomado de forma individual, é unha adiviñanza insoluble, pero considerado en conxunto convértese nunha seguridade matemática. Non pretendo tirar ningunha conclusión, pero estou convencido de que eu non merecía aquelas labazadas.

Venres, 4 de febreiro

Sempre manifestou interese por traducir ao galego obras consideradas imprescindibles dentro do panorama da literatura universal. *O vello e o mar* de Ernest Hemingway foi unha delas.

Outra obras pola que sentía verdadeira devoción era *O Principiño* de Saint-Exupéry. Le o seguinte texto que escribiu en “Á marxe” en 1992.

UN RAMIÑO DE FLORES

Hai xa bastantes anos, despois de escoitar un disco de Gérard Philipe recitando fragmentos de *Le Petit Prince*, de Saint-Exupéry, decidín traducir esa obra ao galego. Foi un dos traballos literarios que máis paixón despertaron dentro de min. Recordo moi ben as longas noites de inverno nun pequeno hotel en Viana do Bolo escribindo e reescribindo parágrafos, buscando palabras e comparando traducións.

Despois dediqueime a coleccionar traducións do mesmo libro a outras linguas e fun adquirindo cantos traballos atopei sobre o seu autor. Unha tarde quente dun mes de verán, a casualidade quixo que un crego de Ourense, emigrante en Francia, me presentase a monseñor Montdesert, bispo auxiliar de Lyon e fillo dun profesor de Saint-Exupéry, o mesmo que o bautizara co alcume alusivo ao seu nariz de Pique-la-lune. A conversa foi longa e ilustrativa para min.

Agora leo que unha empresa que fabrica champán vai financiar unha expedición destinada a buscar os restos do avión de guerra que pilotaba o escritor francés o día 31 de xullo do ano 1944, cando desapareceu fronte ás costas de Niza. Non é seguro que apareza nada, pero a empresa merece xa todos os parabéns. A decisión é fermosa e romántica. ¡Que non daría Consuelo, a muller salvadoreña de Saint-Exupéry, por asistir a este momento, coa esperanza que non tivo durante os anos que sobreviviu ao seu home, ela que botaba tanto de menos un lugar onde depositar de cando en vez un ramiño de flores!

Luns, 27 de xullo

Carlos Casares quedou tan marabillado co libro do escritor francés que colleccionou durante boa parte da vida exemplares de *O Principiño* en diferentes idiomas. Chegou a ter máis de 100, nunha chea de linguas.

A fundación Carlos Casares ten unha exposición titulada *O Principiño ao redor do mundo*. Podedes consultar toda a información na seguinte ligazón: <http://fundacioncarloscasares.org/exposicions/>

Carlos Casares escribiu diariamente unha columna en *La Voz de Galicia* dende 1992 ata o seu pasamento. Podía falar de calquera cousa: lembranzas da infancia e adolescencia, un encontro literario coa rapazada, unha viaxe en tren, as súas experiencias como alumno e como docente, acontecementos cotiáns, os faladoiros etc.



Le atentamente este texto tirado dunha columna de "Á marxe" de 1992.

ESSES AFRICANOS QUE VEÑEN

Eses africanos famentos que atravesan o Estreito con perigo para vir recoller as farangullas que nos sobran aos demais, tráenme á memoria un episodio sucedido hai anos nas terras da Limia, concretamente na parroquia de Sabucedo, onde un meu tío exercía de médico rural. Unha mañá terrible de frío, auga e vento, ao meu tío entroulle polo patio adiante unha grea fantasmal de homes mollados e atarecidos, con barba de días, moitos deles enfermos e con febre, e todos cheos de fame e miseria.

Eran portugueses que ían camiño de Francia. Un negreiro tiña comerciado con eles. Despois de cobrarlles un anticipo, tróuxoos dando tombos e voltas polos montes, camiñando en forma de ese ou zigzag, para que pensasen que a ruta era longa, pero sen avanzar máis de doce quilómetros en varios días. Finalmente, situounos fronte ao canal de desaugue da Lagoa de Antela e díxolles que Francia estaba do outro lado.

Un bicho sen alma como este mandaba aqueles portugueses a unha morte segura, dada a forza das augas do canal naqueles días de natureza desbordada, está sempre detrás de cada grupiño destes africanos que colle a Policía española ou que naufragan antes de chegar á terra soñada. Sempre a miseria duns lles serve a outros para gañar uns cartos. Son diñeiros podres, horrible calderilla acuñada no inferno, pura moeda de Satanás. Oxalá a teñan que gastar en medicinas.

Venres, 28 de agosto

Como puidedes comprobar no texto anterior, todas as columnas de Carlos Casares teñen unha estrutura clásica: presentación (parágrafo 1), nó (parágrafo 2) e conclusión (parágrafo 3).

- 1 Intenta escribir unha columna semellante ás de Carlos Casares, a partir dalgunha nova que che chame a atención. Para iso debes ter en conta o seguinte:
 - Estará formada por tres párrafos, de extensión breve.
 - A conclusión debe ser significativa: debe espertar a reflexión na persoa que o lea e, ao mesmo tempo, deixar ben clara a túa opinión sobre o tema.
2. Tamén podedes organizar un faladoiro:
 - Escollede un tema de actualidade para centrar a conversa, por exemplo: a chegada de inmigrantes ás costas españolas, os refuxiados en Grecia etc.
 - Investigade a través dos medios de comunicación e informádevos de cales son os motivos da súa fuxida, que países escollen para asentarse, que problemas deben superar etc.
 - Un faladoiro debería estar formado por aproximadamente seis ou oito persoas. Escollede as persoas que formarán parte deste grupo.
 - Escollede un moderador ou moderadora. A función desta persoa é facer preguntas sobre o tema, guiar as intervencións para que non se desvíen do tema principal e procurar que todas as persoas interveñan no faladoiro.
3. Carlos Casares escribiu ensaios sobre Manuel Curros Enríquez, Vicente Risco, Otero Pedrayo, Ramón Piñeiro e o Padre Sarmiento.
 - Investiga quen eran eses persoeiros.
 - Que teñen en común Vicente Risco e Otero Pedrayo?

“A ledicia de ler” era unha sección que Carlos Casares publicaba no xornal *La Voz de Galicia*. Nela trataba de temas literarios e lingüísticos e tamén incluía as novidades editoriais. Se premes nesta ligazón da Fundación Carlos Casares, atoparás un exemplo dos textos que Carlos Casares publicaba <http://www.fundacioncarloscasares.org/wp-content/uploads/2012/10/A-Ledicia-de-Ler-José-Ángel-Valente-en-galego-820121.pdf>

4. Escribe a túa “Ledicia de ler” sobre o libro de Carlos Casares que máis che gustou.



Cartel 8

A literatura galega viaxa polo mundo

Actividade 8.1

Un dos obxectivos de Carlos Casares foi difundir a literatura galega alén das nosas fronteiras. En 1993 viaxa ata Berlín. Le os seguintes textos publicados daquela na columna de "Á marxe":



UNHA COCIÑA EN BERLÍN

Acabo de chegar a Berlín, onde vou pasar tres semanas, xunto con Víctor Freixanes, invitados ambos por unha prestixiosa institución cultural que quere traducir libros de autores galegos ao alemán. [...]

Xoves, 19 de agosto

UNHA TRADUTORA

A tradutora coa que traballamos estes días en Berlín chámase Elke Wehr. É unha rapaza loira e de ollos azuis, coa fortaleza física de quen andou turrando anos por unha bicicleta que se fixo famosa nos círculos literarios de Alemaña, e coa forza espiritual de quen, sendo nena, fuxiu do Leste coa casa a costas, transportando cada día unha cousa, protexida pola escasa atención que os policías lles prestaban aos pequenos nunha época na que aínda non había muro. Un día pasou con sete saias postas.

Esta muller nova, simpática e faladora, goza hoxe dun enorme prestixio como tradutora no seu país, razón pola cal foi elixida para este traballo que estamos facendo aquí estes días. Antes, xa traducira un libro de Álvaro Cunqueiro, que en alemán non se titula dunha maneira moi diferente que en galego: *Merlin und Familie*.

Venres, 20 de agosto

O SACAÚNTOS

A tradutora que estes días está poñendo os nosos textos en alemán empezou xa cos primeiros problemas: pequenas migallas nas que un non repara cando escribe, pero que hai que resolver para que o resultado poida ser completamente comprendido. Onte pasamos practicamente o día enteiro discutindo solucións. ¿Como se pode dicir, por exemplo, "sacaúntos" nun idioma que non ten unha palabra equivalente e nunha cultura na que non existe esa figura mítica, antes tan familiar para os nosos nenos?

Parece que a cousa quedará como *Kinder Schreck*, que en realidade, ao pé da letra, quere dicir "asusta nenos", máis mitolóxico e polo tanto máis próximo ao orixinal en galego, pero o conto no que se emprega transcorre nun lugar onde hai negros e estes, loxicamente, non asustan aos rapaces.

Máis complicado aínda é o que sucede con "chichimeco", que se podería traducir como mesquiño, pero que non recollería nin o carácter musical da palabra galega nin o sentido un tanto esperpéntico que esta ten no conxunto do parágrafo no que aparece. Ao final, a tradutora optou por Korinthenkacker, que é "cagapasas", e que se emprega para designar unha persoa tacaña e algo miserable. Desde entón, aquí falamos de cagapasas como se esta palabra existise en galego desde sempre.

Martes, 31 de agosto

- 1 Segundo Casares, cales son os problemas cos que atopa a persoa que realiza unha tradución?
- 2 Moitos dos libros de Carlos Casares están traducidos a outros idiomas. Procura na Internet cal é súa obra máis traducida.
- 3 Investiga sobre o suceso que refire Carlos Casares sobre a fuxida da tradutora Elke Wehr. Con que acontecemento histórico se relaciona?



Actividade 8.2

Carlos Casares, como presidente do Consello da Cultura galega, puxo en marcha proxectos que amosan o seu interese en divulgar a literatura escrita en galego; un exemplo é o *Catálogo de obras literarias en lingua galega traducidas a outros idiomas. Unha primeira achega*. Consúltao na seguinte ligazón: http://www.culturagalega.org/especiais/aviles/catalogo_traducidas.pdf.



- 1 Investiga sobre os Encontros de Verines. Onde se realizaban? En que consistían?

Actividade 8.3

Carlos Casares era afeccionado á fotografía e coleccionista de cámaras.

1 Co móbil, capta unha instantánea que illustre un texto de “Á marxe”. Velaquí tes un exemplo:

UNHA CAIXA DE LARANXAS

Pola ventá do despacho vexo un home maduro, abrigado ata os dentes, cunha caixa de laranxas baleira na man e o rabo dunha vasoira vella na outra. Sen prestarlle moita atención, dun xeito case inconsciente e mecánico decido que debe ser un tolo. O individuo cruza a rúa, diríxese cara a unha das prazas de aparcamento sinaladas no chan con liñas brancas e deposita no lugar os artefactos. Entón decátome de que se trata dunha persoa normal, que o único que pretende é acoutar un espazo para estacionar despois o seu coche.

O curioso é que durante preto dunha hora, mentres o señor non regresa co auto, todo o mundo respecta o sinal. Algúns condutores detéñense un momento, miran con atención a caixa de laranxas e o rabo da vasoira, dubidan quizais por uns segundos, pero despois seguen tranquilamente o seu camiño en busca doutra praza.



A eficacia do invento é total. Desde logo, máis que esas raias de prohibición que os concellos pintan no pavimento das rúas e que case ninguén atende, mesmo que se trate das paradas do autobús. Pobo raro este, que sente máis respecto por un par de táboas vellas e un pau atravesados que por unha norma municipal perfectamente definida, xeométrica e limpa. Aínda que supoño que a cousa cambiaría só con que na caixa, por exemplo, puxese en letras claras o nome do concello. Seguro que pasaba a ser unha indicación inútil.

Sábado, 22 de xaneiro de 1994



Cartel 9

O Expreso da Literatura

Actividade 9.1

Casares foi un gran coleccionista: de máquinas de escribir, de cámaras fotográficas, de plumas, de edicións de *O Principiño*, de maquetas de tren e incluso de libros dedicados.

- 1 Escolta falar a Casares e adiviña a afección da que está a falar:
<http://fundacioncarloscasares.org/fotografias/>


Actividade 9.2

Carlos Casares foi un verdadeiro embaixador da nosa lingua e da nosa cultura. Tenta reconstruír a viaxe do Expreso da Literatura, o tren no que durante seis semanas Casares e mais dun cento de escritores percorreron Europa:

	Data	Título		Data	Título		Data	Título
1	27-IV-2000	<i>O tren</i>	8	22-VI-2000	<i>Fritz</i>	14	5-VII-2000	<i>Música</i>
2	9-VI-2000	<i>Conflitos</i>	9	24-VI-2000	<i>Malbork</i>	15	9-VII-2000	<i>Actividade</i>
3	10-VI-2000	<i>Plans</i>	10	26-VI-2000	<i>Fastos</i>	16	10-VII-2000	<i>Millóns</i>
4	13-VI-2000	<i>París</i>	11	28-VI-2000	<i>Lituania</i>	17	4-VI-2000	<i>Partida</i>
5	16-VI-2000	<i>Coloquio</i>	12	30-VI-2000	<i>Contradición</i>	18	13-VII-2000	<i>Varsovia</i>
6	17-VI-2000	<i>Mont-Noir</i>	13	2-VII-2000	<i>Tallinn</i>	19	14-VII-2000	<i>Einar</i>
7	20-VI-2000	<i>Visita</i>						

- 1 Accede á hemeroteca dixital de *La Voz de Galicia* na ligazón <http://www.lavozdegalicia.es/hemeroteca> e procura as columnas de "Á marxe" das datas indicadas na táboa anterior. Na parte esquerda da pantalla, insire as datas indicadas na táboa e preme en "Acceder ao periódico". Busca o artigo cuxo título co título indicado na táboa para cada data. Le os artigos e indica e ordena as 19 cidades e os 11 países onde fixo escala o Expreso da Literatura.
- 2 Mediante os números da primeira columna e utilizando Google Maps, sitúa cada cidade, traza a ruta do Expreso da Literatura e calcula a distancia que percorreu na viaxe.
- 3 Comenta cinco anécdotas contadas por Casares nos artigos que liches.





Un bo maquinista

Actividade 10.1

Carlos formou parte da Real Academia Galega. Le o seguinte texto tirado dunha columna de “Á marxe” sobre as súas impresións cando ingresou nesta institución, en 1978:

O SÍMBOLO DA PAZ

A primeira vez que asistín a unha sesión da Real Academia Galega, hai xa máis de dezaioito anos, ía un pouco nervioso, pero tamén cheo de curiosidade e ilusionado. Antes de empezar a reunión, o presidente, Domingo García-Sabell, tivo a xentileza de guiarme polas dependencias da casa, unha visita que rematou dunha maneira tan inesperada como turbadora: abriu unha caixiña de prata que se atopaba gardada nunha vitrina, no vestíbulo do primeiro piso, e amosoume un anaco de cabelo de Rosalía de Castro.

Entrei na sala de xuntanzas un pouco asustado, observando aos meus novos compañeiros cunha timidez nerviosa que me volvía torpe e retraído. Instintivamente busquei un sillón apartado e atopeime sentado ao lado dun cura, que aínda non sabía como se chamaba. Resultou ser un home amable, pero charlatán.

Pasou a sesión falándome en voz baixa das pombas, un tema que coñecía ben. Foi a primeira vez que oín dicir que son malas persoas, unha opinión que deben compartir as autoridades de Milán, pois multan a xente que lles dá de comer, como se contaba onte neste periódico. A razón, polo visto, é a catedral, que estaba sendo destruída polos excrementos destes bichos. Será certo, pero hai que ter coidado con estas cousas. O que nos xogamos é moi importante, nada menos que os símbolos da paz e do Espírito Santo.

Mércores, 27 de setembro

- 1 Investiga con que discurso ingresou Carlos Casares na RAG. Quen propuxo o seu ingreso? Poderás atopar a información na páxina web da RAG: <http://academia.gal/>

Actividade 10.2

Carlos Casares foi tamén director da Editorial Galaxia. Entra en <http://editorialgalaxia.gal/> e investiga sobre a súa historia:

- 1 En que cidade ten a súa sede? Cando e onde se fundou? Quen foron os fundadores? Cales eran os seus obxectivos?

Actividade 10.3

Carlos Casares foi director da revista *Grial* e padroeiro da Fundación Penzol, dúas plataformas culturais da Editorial Galaxia. Procura información sobre elas:

- 1 Que contidos se tratan na revista *Grial*? Con que periodicidade se publica? Quen é o director actual?
- 2 Quen creou a Fundación Penzol? Con que obxectivo? Onde está situada?

Actividade 10.4

Carlos Casares foi presidente do Consello da Cultura Galega dende o ano 1996. Vai a <http://consellodacultura.gal/index.php> e procura información sobre esta institución para responder as seguintes preguntas:

- 1 En que ano se creou esta institución e cal era o goberno que existía en Galicia?
- 2 Con que obxectivo se creou o Consello da Cultura Galega?
- 3 Quen foi o seu primeiro presidente? Que relación tiña este con Carlos Casares?
- 4 Cales son as liñas de traballo actuais do Consello da Cultura Galega?
- 5 Investiga, a partir da ligazón <http://mapas.consellodacultura.gal/icultura/>, sobre o mapa cultural de Galicia e da túa localidade. Coñeces todas as entidades culturais que se recollen? Cales che parecen máis interesantes?



Actividade 10.5

Como puides comprobar no cartel 10, Carlos Casares foi membro da Comisión Rectora do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Vai á seguinte ligazón <http://www.cirp.es/> e responde as cuestións.

- 1 Cales son os obxectivos do Centro Ramón Piñeiro?
- 2 Carlos Casares encargouse de divulgar o labor cultural de Ramón Piñeiro. Cales foron os traballos que publicou sobre o seu mestre e amigo?
- 3 Investiga as liñas de actuación desta entidade, no referente a bases de datos, proxectos e recursos. Cales che resultan máis interesantes?



Actividade 10.6

Carlos Casares foi tamén Presidente do Pen Club de Galicia de 1996 a 1999. Visita a páxina web da entidade (<http://pengalicia.gal/historia/>) e responde as seguintes cuestións:

- 1 O Pen Club de Galicia é unha sección do Pen Club Internacional. Quen forma parte dese club? Quen foi o primeiro presidente?
- 2 Por que é tan necesaria esta institución? Cales son as súas actuacións? Que galardóns conceden?
- 3 Cal foi a importancia de Carlos Casares como presidente desta entidade? Que actividades puxo en marcha e con que obxectivos?



Bibliografía

Obras

- Basanta, Á. (2012). A traxectoria narrativa de Carlos Casares. *Grial*(196), 17-27.
- Bermúdez Torres, T. (2009). Ramón Piñeiro, Carlos Casares e a "Nova Narrativa". *Revista de Investigación en Educación*(6), 104-112.
- Calvo, T. (2003). *Carlos Casares. O conto da vida*. La Voz de Galicia.
- Casares, C. (1967). *Vento Ferido*. Vigo: Editorial Galaxia.
- Casares, C. (1969). *A galiña azul*. Vigo: Editorial Galaxia.
- Casares, C. (1969). *Cambio en tres*. Vigo: Editorial Galaxia.
- Casares, C. (1973). *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*. Vigo: Editorial Galaxia.
- Casares, C. (1975). *Xoguetes pra un tempo prohibido*. Vigo: Editorial Galaxia.
- Casares, C. (1979). *Os escuros soños de Clío*. Vigo: Editorial Galaxia.
- Casares, C. (1980). *Ilustrísima*. Vigo: Editorial Galaxia.
- Casares, C. (1983). *O can Rin e o lobo Crispín*. Vigo: Editorial Galaxia.
- Casares, C. (1983). *Os mortos daquel verán*. Vigo: Editorial Galaxia.
- Casares, C. (1991). *Este é Toribio*. Vigo: Editorial Galaxia.
- Casares, C. (1992-2002). Columnas de "Á marxe". *La Voz de Galicia*.
- Casares, C. (1994). O galo de Antioquía. En *Contos do Castromil*. Santiago: Castromil.
- Casares, C. (1996). *Deus sentado nun sillón azul*. Vigo: Editorial Galaxia.
- Casares, C. (1996). *Lolo anda en bicicleta*. Vigo: Editorial Galaxia.
- Casares, C. (1998). *Un país de palabras*. Vigo: Editorial Galaxia.
- Casares, C. (1998). Un polbo xigante. *Revista conmemorativa do Festival Intercéltico do Morrazo "Día das Letras do Mar"*.
- Casares, C. (1999). *Hemingway en Galicia*. Vigo: Editorial Galaxia.
- Casares, C. (1999). *O vello e o mar*. Vigo: Editorial Galaxia.
- Casares, C. (2002). *O sol do verán*. Vigo: Editorial Galaxia.
- Casares, C. (2005). *Á marxe, 1992. Obra xornalística I*. Vigo: Editorial Galaxia.
- Casares, C. (2005). *Á marxe, 1993. Obra xornalística II*. Vigo: Editorial Galaxia.
- Casares, C. (2006). *Á marxe, 1994. Obra xornalística III*. Vigo: Editorial Galaxia.
- Casares, C. (2006). *Á marxe, 1995. Obra xornalística IV*. Vigo: Editorial Galaxia.
- Casares, C. (2007). *Á marxe, 1996. Obra xornalística V*. Vigo: Editorial Galaxia.
- Casares, C. (2007). *Á marxe, 1997. Obra xornalística VI*. Vigo: Editorial Galaxia.
- Casares, C. (2008). *Á marxe, 1998. Obra xornalística VII*. Vigo: Editorial Galaxia.

- Casares, C. (2017). *Á marxe, 1999. Obra xornalística VIII*. Vigo: Editorial Galaxia.
- Casares, C. (2017). *Á marxe, 2000. Obra xornalística IX*. Vigo: Editorial Galaxia.
- Casares, C. (2017). *Á marxe, 2001-2002. Obra xornalística X*. Vigo: Editorial Galaxia.
- Delgado Almansa, M. C. (marzo-abril de 2008). Álbums ilustrados que hacen soñar a los adolescentes. *Educación y biblioteca*(164). Obtido o 2017 de xaneiro de 14, de Educación y biblioteca: https://gredos.usal.es/jspui/bitstream/10366/119505/1/EB20_N164_P22-25.pdf
- Freixanes, V. (1982). *Unha ducia de galegos*. Vigo: Editorial Galaxia.
- Fundación Carlos Casares. (2017). *Fundación Carlos Casares*. Obtido o 14 de xaneiro de 2017, de <http://fundacioncarloscasares.org/>
- Gurriarán, R. (2008). *Do Gaudeamus igitur ao Venceremos nós. As mobilizacións estudiantís do 68 en Compostela*. Santiago de Compostela.
- Hemingway, E. (1988). *O vello e o mar*. (C. Casares, Trad.) Vigo: Galaxia.
- IES Carlos Casares. (2017). *Galaxia Casares*. Obtido de <https://galaxiacasares.wordpress.com>
- Instituto Nacional de Tecnologías Educativas y Formación del Profesorado. (s.d.). *Bibliotecas escolares*. Obtido o 14 de xaneiro de 2017, de El álbum y el libro ilustrado: http://www.ite.educacion.es/formacion/materiales/8/cd_2013/m5_5/el_lbum_y_el_libro_ilustrado.html
- Laso Lorenzo, R. (2013). *Carlos Casares, o amigo das palabras*. Vigo: Editorial Galaxia.
- Noia Campos, M. (1992). *A nova narrativa galega*. Vigo: Editorial Galaxia.
- Saint-Exupéry, A. (1972). *O Principiño*. (C. Casares, Trad.) Vigo: Editorial Galaxia.
- Vicente Rodríguez, D. (2014). *Carlos Casares. Compromiso con Galicia*. Vigo: Editorial Ir Indo.
- Vilavedra, D. (1999). *Historia da literatura galega*. Vigo: Editorial Galaxia.
- VV.AA. (2004). *Carlos Casares. Os amigos, as imaxes, as palabras*. Vigo: Editorial Promocións Culturais Galegas. A Nosa Terra.
- VV.AA. (2012). *Carlos Casares nun país de palabras*. Vigo: Editorial Galaxia.
- VV.AA. (2017). Seis achegas a Carlos Casares. Letras Galegas 2017. *Grial*(213).

Fotografías

Lacomba Maruri, A. *Fotografías utilizadas nos carteis*.

Pérez Rúa, M. Carlos Casares. *Fotografía de Carlos Casares da portada da guía e dos carteis*.

Arquivo da Fundación Carlos Casares. *Fotografías utilizadas na guía*.

Un agradecemento especial ás persoas autoras destas imaxes, que concederon autorización expresa para as empregar e difundir na versión impresa de guía e na versión web da Secretaría Xeral de Política Lingüística.



